

Nota dun biface achado en Ribadeo (Lugo)

Note on a handaxe that was found in Ribadeo (Lugo)

Eduardo Ramil Rego

Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba (Lugo)

director@museovilalba.org

Resumen

La presenta nota da a conocer un nuevo utensilio adscrito al Achelense en el sector occidental de la Región Cantábrica. Se trata de un bifaz amigdaloide con talón realizado en cuarcita.

Palabras Clave

Bifaz amigdaloide, Achelense, Ribadeo, Región Cantábrica.

Resumo

A presente nota dá a coñecer un novo utensilio adscrito ao Achelense no sector occidental da Rexión Cantábrica. Trátase dunha biface amigdaloide con talón realizado en cuarcita.

Palabras Chave

Biface amigdaloide, Achelense, Ribadeo, Rexión Cantábrica.

Summary

This paper provides a new stone-tool ascribed to Acheulean in the western sector of the Cantabrian Region. This is an amigdaloide handaxe made of quartzite.

Key words

Amigdaloide handaxe, Acheulean, Cantabrian Region

■ Data de envío: 14-10-2014

■ Data de aceptación: 25-03-2015

INTRODUCCIÓN

Na Rexión Occidental Cantábrica, coincidente coa provincia de Lugo, a localización de restos do Paleolítico inferior son pouco comúns, os primeiros achados tiveron lugar en lugar en 1971 co descubrimento, na ribadense parroquia de Vilaselán, do xacemento de Louselas (RODRÍGUEZ ASENSIO 1983). No remate do século pasado e primeiros anos do actual execútanse novas intervencións neste xacemento que ofrecen a serie máis numerosa e antiga das primeiras ocupacións da área cantábrica, adscribindo Louselas a un Achelense medio (RODRÍGUEZ ASENSIO 1997; RAMIL REGO, RAMIL SONEIRA 2008; ÁLVAREZ-ALONSO 2012). A partires deste descubrimento vanse producindo novos achados, ben illados, ben formando pequenas concentracións, como en Nois e Río Covo; froito destas recollidas superficiais téñense recuperado choppers, bifaces, fendedores e algúns núcleos de lascas (RAMIL REGO 1996, 2009-11; 2014; SENÍN FERNÁNDEZ, RAMIL REGO 2011). Nestas descubertas é salientable o interese demostrado por Mariña Patrimonio, e en especial por Manuel Miranda, para impedir que estes restos desaparezan ou se destrúan.




Figura 1. Situación do achado e outras estacións paleolíticas na contorna da Ría de Ribadeo. 1.- Enseada das Cegoñas; 2.- Louselas; 3.- Biface de Ribadeo; 4.- Arnao; 5.- Espuela; 6.- Cornayo.

O ACHADO

Unhas obras construtivas realizadas no ensanche norte da vila de Ribadeo (ETRS89 Huso 29T: ~658.175X, 4.822.467Y, 30Z), hai máis de vinte anos (Fig. 1), deixaron nunha entulleira un pequeno biface de cuarcita, conservado no Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba. Segundo o Método Bordes (1961) ten unhas dimensións en milímetros de (Fig. 2): $L = 129,10$; $m = 76,78$; $n = 66,28$; $a = 40,75$; $o = 39,84$; $e = 33,93$.




Figura 2. Parámetros tipométricos considerados pola metodoloxía de F. Bordes (1961).

Segundo os índices establecidos pola devandita metodoloxía resulta seren un biface espeso ($m/e = 2,26$), alongado ($L/m = 1,68$), con redondez da base medio-baixa ($L/a = 3,17$) e redondez dos bordes alto $((n/m) \times 100) = 86$). Á vista destes índices e da súa morfoloxía xeral (RAMIL REGO, 2011) o biface clasifícase como de tipo amigdaloides con talón (Fig. 3).




Figura 3. Biface de Ribadeo.

O instrumento configúrase con grandes levantamentos que deixan grandes áreas de córtex nas súas superficies; estes levantamentos se inician na área basal e se despregan pola periferia de ámbalas dúas faces cara a zona apical; obsérvase un tratamento desigual entre os dous bordes: o dereito case non ten modificación secundaria na zona mesial, onde o desbaste proporcionou un borde rectilíneo con bisel agudo e simétrico; mentres que no esquerdo, un desbaste menos amplo e solapado é corrixido cun unha maior configuración secundaria, desta forma incrementábase a regularidade da súa contorna. No ápice desenrólase unha configuración secundaria brusca e irregular que non se remata adecuadamente, pois o cambio de ritmo necesario para un remate regular poría en risco a integridade apical (Fig. 4).




Figura 4. Esquema diacrítico do biface de Ribadeo.

CONCLUSIÓNS

As conclusións que se poden tirar dun achado como este son sempre de reducida magnitude, non obstante podemos confirmar un novo achado do Tecnocomplexo Achelense no Occidente Cantábrico, cuns procesos de configuración e realización pouco evolucionados¹.

¹ Noso máis expresivo agradecemento ao Revisor/a A, polas súas reflexións. No que atinxe ao Revisor/a B, dicir que os seus comentarios nacen da confusión sobre o que debe ser unha avaliación destas características. Aquí preséntase unha breve nota sobre un biface dentro dun contexto rexional, non podemos lamentar que a maioría das referencias bibliográficas sexan da

BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ-ALONSO, D. 2012. "First Neanderthal settlements in northern Iberia: The Acheulean and the emergence of Mousterian technology in the Cantabrian region". *Quaternary International*, 326-327, pp. 288-306.
- BORDES, F. 1961. *Typologie du Paléolithique ancien et moyen*. Publications de l'Institut de Préhistoire de l'Université de Bordeaux, Mémoire, 1. Delmas, Bordeaux, 84 pp.
- RAMIL REGO, E. 1996. *Os primeiros moradores de Galicia*. Serie Laranxa, 1. Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba. 64 pp.
- RAMIL REGO, E. 2009-11. "Un novo achado inferopaleolítico no occidente cantábrico. O biface de San Cibrao (Cervo, Lugo)". *Boletín do museo Provincial de Lugo*, 14, pp. 83-98.
- RAMIL REGO, E. 2011. *Las industrias líticas del Paleolítico superior europeo. Bases para su estudio tecnotipológico*. Monografías, 5. Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba. 180 pp. Vilalba, Lugo.
- RAMIL REGO, E. 2014. "Nois una estación inferopaleolítica en el área cantábrica lucense". *Portugalia*, 35, pp. 5-15. Univ. do Porto.
- RAMIL REGO, E., RAMIL SONEIRA, J. 2008. "Louselas (Ribadeo, Lugo). Un yacimiento del Paleolítico inferior en el Occidente Cantábrico". En E. Ramil Rego (ed.): *1 Congreso Internacional de Arqueoloxía de Vilalba (Vilalba, 2008)*, *Férvedes*, 5, pp. 105-112. Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba. Vilalba, Lugo.
- RODRÍGUEZ ASENSIO, J.A. 1983. *La presencia humana más antigua en Asturias*. Estudios de Arqueología Asturiana, 2, Principado de Asturias, Oviedo. 205 pp.
- SENÍN FERNÁNDEZ, I.J., RAMIL REGO, E. 2011. "Nuevos hallazgos inferopaleolíticos en el Área Cantábrica Lucense". En E. Ramil Rego & C. Fernández Rodríguez (Ed.): *2. Congreso Internacional de Arqueoloxía de Vilalba (Vilalba, 2011)*, *Férvedes*, 7, pp. 39-48. Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba.

nosa autoría, pero si lamentamos ter ferido algún ego por deixar de citar alguén, pero consideramos que máis, serían citas superfluas. Tamén o Revisor/a B alude á necesidade de completar o esquema diacrítico coa inclusión dalgúns elementos como a "natureza do punto de impacto": A concepción aberta e flexible deste tipo de esquemas débese entender como unha axuda para a interpretación tecnolóxica das pezas, onde a variabilidade debe establecerse a prol dunha mellor visibilidade daqueles elementos que se queiran resaltar; sobre a base diso reflíctense as dúas fases de configuración da peza e o avance da configuración primaria, non se inclúen outros indicadores xa que "emporcarían" o esquema sen achegar nada. Enténdese como punto de impacto aquel onde se aplica a forza que inicia os mecanismos de fractura (localizado no talón das lascas), nesta peza non hai ningún punto de impacto, elemento que, por outra parte, carece de símbolo de representación na metodoloxía ao uso.